

> 4

Servizos
Acceder

Calidade
e proximidade
como garantía





O programa Acceder en Galicia ofrece os seguintes servizos para favorecer o proceso de acceso ao emprego de maneira individualizada e adaptada:

- Servizo de acollida e información.
- Orientación sociolaboral e tutorías para o seguimento personalizado do proceso.
- Oferta de actividades de preformación e formación profesional.
- Derivación e seguimento noutras actividades formativas existentes nas nosas cidades.
- Accións de prospección e procura activa de emprego no mercado de traballo e intermediación coas empresas.
- Acompañamento no posto de traballo.
- Medidas de apoio á contratación por parte das empresas.
- Asesoramento e apoio na creación de traballo autónomo.
- Accións de sensibilización dirixidas ao tecido empresarial.
- Asesoramento a empresas en políticas activas de emprego en relación cos colectivos en risco de exclusión

Outra liña de actuación deste programa é o impulso de políticas activas dirixidas á poboación xitana da nosa comunidade, encamiñadas a mellorar efectivamente as súas condicións de vida e garantir a igualdade de oportunidades no seu acceso a bens e servizos públicos.

Para iso, desenvólvense accións de carácter xeral para toda a Comunidade Autónoma:

- Actividades de formación de mediadores/as e de axentes sociais.
- Asesoramento técnico a administracións e organizacións sociais.
- Elaboración de estudos e investigacións específicas.
- Accións de sensibilización, información e difusión de iniciativas.

O programa Acceder aposta pola calidade a través da certificación ISO 9001, que permite garantir as persoas usuarias do programa e os cofinanciadores un servizo eficiente